

Guía da natureza do Concello da Pobra do Caramiñal



Concello da Pobra do Caramiñal
www.apobra.gal

Guía da natureza do Concello da Pobra do Caramiñal



Edita: Concello da Pobra do Caramiñal - Medioambiente

Textos e redacción: Miguel A. Conde Teira

Deseño e realización: cem, s.coop.galega

Fotografías: cem, s.coop.galega e Miguel A. Conde Teira

Ilustracións: Suso Cubeiro e Laura Blanco

Imprime: Lugami, artes gráficas

Depósito legal: C 179-2020

Impreso en papel reciclado, libre de cloro e certificado

INTRODUCCIÓN

Pretendemos con esta “*Guía da natureza do Concello da Pobra do Caramiña*” intentar explicar ao gran público os elementos principais do noso patrimonio natural. Serían posible diversos enfoques, pero decidímonos por empezar por unha pequena introdución á historia natural, partindo do noso medio xeolóxico e continuando co funcionamento dos nosos sistemas naturais en relación coa diversidade e riqueza dos seres vivos, sempre en continua relación co ser humano. Neste libríño intentamos dar visibilidade, ao que é raro ou escaso. Ata onde sabemos na actualidade, as especies non se poden crear de novo unha vez extintas, polo que aquelas especies que son menos comúns ou que teñen máis facilidade para desaparecer, debido á súa peculiar historia e ecoloxía, son hoxe consideradas máis dignas de protección. Así e todo non nos esquecemos de que os sistemas naturais non funcionarían como tales sen as especies comúns e abundantes.

Quixemos salientar especialmente as especiais características do medio ambiente europeo. Contrariamente a unha idea moi estendida, o home contribuiu moitas veces no noso continente a promover a diversidade dos seres vivos a través do uso tradicional dos campos e veigas. Ben é verdade que tamén afectou moito outros medios, por exemplo o bosque. Foi sorprendente a capacidade deforestadora dos nosos antepasados, sen dúbida por necesidades de supervivencia. O bosque foi un medio que moitas veces foi tomado como inimigo (lugar de feras, inculto, inaproveitable). Acontece o mesmo coas matogueiras de xestas e toxos, inaccesibles aos humanos pero de interese como rexeneradores dos nosos solos e protectores da erosión. A longo prazo o lume nunca pode ser unha solución, senón sempre un problema, unha espada de Damocles sobre o noso medio e a nosa economía.

Falamos tamén de especies comúns, cando son especialmente visibles e nos permiten entender e desfrutar a nosa natureza. En principio non pensabamos estendernos moito sobre a parte mariña, administrativamente fóra dos dominios do concello, pero esta é indisoluble da súa historia humana e natural. Se realmente destaca o Barbanza é polo seu medio mariño. Son tantas as riquezas na-

turais presentes nel que merecería por si só, con certeza, un tratamento exclusivo. A necesidade da súa protección está na mente de todos, pero no día a día predomina ás veces o interese económico inmediato.

Quixemos facer fincapé nos múltiples problemas que teñen estas especies raras para sobrevivir e nos grandes cambios acontecidos nos últimos anos no noso medio. A conservación destas especies, moitas veces de presenza puntual no concello, non implica grandes gastos, se o comparamos cos destinados a outros asuntos, só nos falta conciencia e interese. Hai cambios no medio e algúns certamente inevitables, pero iso non significa que nos abandonemos ao pesimismo máis improdutivo. No noso Patrimonio Natural, como no Patrimonio Cultural e Histórico hai moitas cousas que facer e recuperar, para que sirvan de elemento identitario, de aprendizaxe, e como maneira de facernos máis felices admirando esa rareza tan especial que é a vida, coñecida ata agora só no planeta onde nacemos. Tomando medidas de conservación non só gardaremos estes valores para as xeracións futuras, senón que sen dúbida poderán ser un atractivo máis para o numeroso turismo que nos visita.

Esperemos que atopen entretido este libriño e que lles sexa de fácil lectura. Unha das nosas ansias foi o de intentar despertar a curiosidade e promover a conservación do noso patrimonio. De conseguirmos algún destes obxectivos dariámonos por satisfeitos. Finalmente queríamos agradecer ao alcalde Xosé Lois Piñeiro, á concelleira Genoveva Herme e á técnica de Medio Ambiente Beatriz González o seu interese por que vise a luz esta publicación.

Agradecemos tamén a Carlos Boullón e a Ignacio Martínez, nativos da comarca e profundos coñecedores na súa natureza, os seus relevantes comentarios sobre algúns aspectos botánicos previamente descoñecidos do noso concello.



LUGARES DE INTERESE NATURAL DO NOSO CONCELLO



ALGÚNS DATOS DO CONCELLO DA POBRA

- Superficie: 32,51 km²
- Habitantes: 9.356 (ano 2020)
- Densidade de poboación: 288,83 hab./km²
- Máxima altitude: alto das Ceas, 655 m s. n. m.
- Coordenadas da casa do concello:
Latitude: 42° 36' 12'' N Lonxitude: 08° 56' 20'' W
- Parroquias do concello:
 - O Caramiñal (Santa María a Antiga)
 - Lesón (Santa Cruz)
 - Posmarcos (Santo Isidro)
 - O Santiago do Deán ou Castelo (Santiago)
 - O Xobre ou O Maño (Santa María)

O CHOQUE DE DOUS CONTINENTES FORMOU A POBRA

O planeta que pisamos formouse hai 4.600 millóns de anos. As rochas máis vellas do concello da Pobra datan de hai 800 millóns de anos e formáronse co levantamento e forte compresión de materiais depositados en fondos mariños. O tipo de rocha denomínase xisto e pertence á época chamada Precámbrico, e non contén fósiles. Chámase así por ter aparecido antes do Cámbrico, fase da terra onde houbo gran diversificación dos seres vivos.

Hai uns 360 millóns de anos non existían os mesmos continentes nin estaban na mesma posición. No hemisterio horte estendíase unha masa terrestre coñecida como Laurusia, mentres que na parte sur da terra existía un enorme continente chamado Gondwana. Alí comezaban a prosperar un grupo de seres fascinantes: os dinosauros.

Estes dous continentes movéronse ata colidir, producíndose grandes terremotos, fusión de rochas en profundidade, volcáns e unha enorme cordilleira, que se estendía desde a actual América ata o Extremo Oriente asiático. Nós vivimos sobre os restos desa cordilleira, chamada Varisca. A maior parte do oeste da Península Ibérica foi orixinada nesa época. Estas montañas foron erosionadas desde entón, desmontándose os picos e dando lugar finalmente a paisaxes onduladas.

Por iso as partes superiores da serra do Barbanza son planas.

Posteriormente os restos do supercontinente unido, chamado Panxea, separaríanse pola formación do Atlántico, abríndose unha inmensa fisura que aínda hoxe crea fondos mariños a través de erupcións volcánicas no medio do océano.




Moitas rochas daquela época desapareceron. Os seus restos foron transportados cara ao mar e os materiais duros por baixo deles afloraron, mostrando as rochas graníticas.

Pero,...como sabemos que os granitos estaban debaixo?

O granito é unha rocha procedente do magma quente do interior da terra e ten unha estrutura ordenada, con cristais, orixinada por un lento arrefriamento. Se este magma sae repentinamente teríamos rochas volcánicas de textura semellante a unha pasta.

A Corna

Na Corna podemos observar o contacto entre os xistos alterados e pregados pola calor, e as rochas graníticas (granodioritas), que ascenderon do magma.



Granito de Caldas

A granodiorita de Caldas é unha gran masa de materiais previamente fundidos que arrefriaron no interior da terra. As rochas que vemos na Lombiña están presentes sobre todo no outro lado da ría, na zona de Caldas de Reis.

Granito do Barbanza

Formouse en plena época de levantamento da Cordilleira Varisca; por iso as rochas están máis fracturadas, xa que foron sometidas a máis tensións.



Hai 64 millóns de anos un meteorito de 10 km de longo chocou co planeta na península do Iucatán (México). Polo que sabemos foi o principio do fin dos dinosauros. Pero na Península Ibérica comezaban a pasar outras cousas: as placas continentais ibérica, africana e europea estaban colidindo, e estábanse formando a cordilleira dos Alpes e a Cantábrica.

Na Pobra non se orixinaron grandes montañas, pero as tensións resultantes fixeron que algúns bloques de terra se levantasen e outros se afundisen, como as teclas dun piano. Temos xa a nosa paisaxe fundamental formada, cunha “tecla” elevada” que é a serra do Barbanza, e dúas teclas afundidas, que son as actuais rías de Arousa e Muros-Noia.

Hai 100.000 anos comezaría unha etapa fría que duraría ata 10.000 anos antes do presente. O norte de Europa e as altas montañas estaban ocupados por casquetes polares que retiñan a auga. Nos últimos millóns de anos ten habido grandes oscilacións climáticas naturais ao longo de períodos longos. Co cambio do clima posterior boa parte desta auga fundiuse e inundou o antigo val do Ulla, que agora está baixo a ría. Na actualidade, por efecto da actividade humana esta vez, o clima continúa a quentarse, pero de forma moi rápida. As previsións son que en 2100 o nivel será de case 1 m sobre o actual, ameazando casas, praias e áreas costeiras.



Despois da última glaciación toda a area que estaba na entrada da ría foi desprazada polo ascenso do nivel do mar cara a outros lugares. Formáronse entón novas praias e sistemas dunares.

Ata mediados do séc. XX na costa da Pobra abundaban os areais, que se estendían pola praia da Corna, da Gamusiña (ou da Illa) e da Lombiña. Había montes de “area” ou “morredóns” na aldea da Laxe e tamén dunas remontantes na zona da Alta, onde se sitúa actualmente o cámping “Ría de Arosa I”. Todo iso desapareceu practicamente pola extracción de area e a urbanización, e con ese cambio desapareceron as plantas dunares presentes alí.

Os sistemas dunares son importantes para o equilibrio das praias. Son unha reserva ante os continuos procesos de erosión e de depósito de area polo mar. A construción de paseos marítimos, diques e estradas próximas á praia bloquean esta dinámica e como consecuencia as praias perden area.

Precámbrico significa antes do Cámbrico.

Cámbrico procede de Cambria, forma latinizada de Cymru, nome do País de Gales en Gran Bretaña, onde hai rochas desa época.

Atención!

Debe terse coidado especial en caso de acceder á Pedra da Moura e evitar subir coa pedra mollada. Accédase á Poza da Laxe e demais pozas do Barbanza no verán e en tempo seco, con coidado para non esvarar.



O ATLÁNTICO FAI POSIBLE UN CLIMA MORNO

A presenza do océano dulcifica o clima, facéndoo menos extremo e achegando humidade. Recibimos augas relativamente cálidas procedentes do Caribe (a chamada Corrente do Golfo) e nubes cargadas de vapor de auga que producen abundantes precipitacións.

O noso clima oscila entre unha temperatura media de 8,5°C en xaneiro e de 20,6° en xullo, o mes máis cálido. A temperatura media anual da Pobra é de 15°C. En Madrid por exemplo as temperaturas medias varían entre os 6,3 ° C de xaneiro e os 25,6° de agosto, coa mesma temperatura media anual de 15° C.

A circulación dos ventos do suroeste trae esa humidade, pero no verán hai circulación inversa promovida polo anticiclón dos Azores. Estes ventos do nordés deixan nubes no Cantábrico, pero chegan secos ás Rías Baixas, ocasionando días solleiros. O noso clima toma entón pinceladas do Mediterráneo, coincidindo a época máis seca coas maiores temperaturas. Isto permite a presenza de especies meridionais como a sobreira ou o lagarto arnal.



O vento do nordés provoca que a auga superficial saia das rías e sexa substituída por auga fría rica en nutrientes máis profunda. Isto é importante para a produtividade das nosas costas, pois o osíxeno disólvese na auga mellor con temperaturas máis baixas, o que axuda á supervivencia e á produtividade dos organismos mariños. O cambio climático é pois unha ameaza para a produción pesqueira e marisqueira de Galicia.



No noso concello podemos ver dúas sobreiras singulares: unha moi popular no medio da aldea de Vilariño (Santo Isidro) e outra na praia da Mercé, varias veces centenaria.

OS CEOS MODELAN A PAISAXE

Nas partes baixas do concello caen usualmente entre 1.200 e 1.400 mm de chuvia ao ano, sendo de media o mes máis chuvioso xaneiro e o máis seco xullo.

A precipitación aumenta coa altitude, ata alcanzar 3.000 mm algún ano en puntos da serra.

Esta auga nutre diversos ríos no concello.

Os principais son, de oeste a leste: o Esteirón, o Gonderande (cos afluentes Morto e Telleiro), o Pedras ou Barbanza (cos afluentes San Xoán e Salgueiro) e finalmente, o Lérez.



O Pedras é denominado Barbanza na parte alta, que debeu de ser a denominación antiga de todo o curso. O nome de “río das Pedras” é debido aos abundantes cantos do curso medio e final do río, formados co poder de arrastre da auga desde hai millóns de anos. O río nace a 550 m de altitude e entra no concello da Pobra pola ponte da Portela, onde se encaixa no canón da Misarela. Os choques das pedras co fondo rochoso xunto co bater das areas arrastradas, así como as irregularidades do relevo, foron conformando diversas formacións xeolóxicas, como os cantos, as “pías” ou marmitas de xigante e os numerosos “pozos” ou piscinas naturais, como o Pozo Negro, de Ramocarballo, da Laxe, Redondo e do Sobreiral.

A xilbarbeira é un arbustiño característico das carballeiras das zonas baixas de Galicia



Nos ambientes húmidos entre as rochas son frecuentes os fieitos. Coñécese aquí a presenza dispersa de *Dryopteris guanchica*, especie protexida pola súa escaseza. Esta planta está presente tamén nunhas illas do Atlántico, adiviñas cales?

Debemos de ter en conta que cada planta natural leva asociada a súa fauna característica, moitas veces de pequeno tamaño. Se desaparece unha especie de planta, o ecosistema perde elementos, facéndose cada vez máis pobre.

O río Lérez nace a 440 m, na confluencia dos regos Batán e Marcelei en Boiro e descende rapidamente ata chegar ao val de Santo Isidro a 100 m s. n. m. Aínda que o medio está bastante

modificado por repoboacións de eucaliptos, na parte media do río aínda se conservan carballos na súas ribeiras. Nesta zona é posible observar oculta entre o musgo e as follas a **salamántiga rabilonga** (*Chioglossa lusitanica*), especie exclusiva do noroeste ibérico, que prefire o bosque natural.



HAI PLANTAS INESPERADAS QUE MODIFICAN O MEDIO

Plantas introducidas hai pouco polo ser humano compiten coa vexetación natural, afectando a diversidade biolóxica. Aínda que non cobren grandes superficies, estas plantas exóticas ocupan boa parte de medios escasos e en regresión como charcas, bosques de ribeira e prados, polo que o seu impacto é maior. Diversas especies propias de Galicia non atopan sustento entre eses novos poboadores. Algúns destes vexetais exóticos foron introducidos para uso ornamental, polo que a mellor medida para evitar a súa colonización é non usar esas especies con eses fins e retiralas de xardíns e parques.

Herba das pampas

(*Cortaderia selloana*)

A herba das pampas é unha especie americana con capacidade para invadir valos, beiras de ríos e campos de cultivo, competindo con plantas nativas. A súa retirada é custosa, xa que rebrota facilmente de corta. Debemos evitar recoller “as plumas” como adorno, pois podemos dispersar as miles de sementes que conteñen.



Coñeces algunha persoa con herba das pampas no xardín? Hai moitas outras plantas ornamentais bonitas que non teñen esa capacidade invasora. Esta especie é un problema potencial para todos.

Eucalipto (*Eucalyptus globulus*)

O eucalipto ten potencial invasor pero dáselle un tratamento diferente polo seu gran valor económico. Os eucaliptais como outros cultivos forestais protexen o terreo da erosión pero crean bosques moi pobres en especies, xa que os seus troncos rectos e follas duras non fornecen refuxio nin serven de alimento á maior parte dos animais propios de Galicia. Toxos e carrouchas crecen ben nestas formacións e acaban por dominar totalmente o sotobosque, o que facilita a rápida propagación de incendios.

Herba da fortuna

(*Tradescantia fluminensis*)

Planta americana con excepcional capacidade de rebrotar. Calquera pedaciño pode orixinar unha nova planta. Na actualidade tapiza o chan de moitos ameneirais, impedindo que haxa plantas nativas.



Acacia negra (*Acacia melanoxylon*)

Árbore australiana que chegou canda o eucalipto, pero que ten escasa ou ningunha importancia económica. Dá unha sombra intensa onde poden vivir poucas especies do propias do país. Ademais as propias acacias emiten substancias que impiden que xerminen outras plantas

A PAISAXE DA SERRA FOI CONSTRUÍDA POLOS HUMANOS

A paisaxe que vemos na serra foi creada polo ser humano durante miles de anos, pola destrución histórica do bosque para favorecer o pastoreo. Hai varios restos arqueolóxicos de diferentes épocas que son testemuña do continuo uso da serra. Este uso pastoril foi tamén unha oportunidade para especies de zonas abertas como coellos, lavercas, tordos, miñatos e lobos. A práctica cinxética pode axudar á conservación destes medios, pois permite un aproveitamento social.

O gando fai que se manteñan os prados, pero se o número de reses se reduce o toxo faise dominante. Ante iso a práctica habitual tradicional foi prender lume. Se isto se fai sen control e

de forma repetida, prodúcese erosión e perda da calidade do solo. A maioría das especies presentes poden recuperarse de lumes, pero os grandes incendios repetidos no verán acaban afectándoas.



Quitamerendas (*Merendera montana*)

Desde hai uns anos a Administración ten un programa de queimas controladas en inverno e principio da primavera, para renovar pastos e evitar grandes lumes

A falta de árbores fai que a auga circule libremente, creando charcas e regos idóneos para os anfibios. As charcas estacionais son importantes para estes vertebrados. Estas charcas secan no verán, pero os anfibios atopan onde refuxiarse: baixo troncos, pedras, arbustos ou regatos.



Tritón verde



Sapo corredor

Unha planta protexida polo gando

Na área da Portela florece a finais do inverno un bulbo que só vive no oeste da Península Ibérica, o **narciso de Asturias** (*Narcissus minor*).

É unha especie protexida en Galicia porque os medios onde vive son cada vez máis escasos. A mellor maneira de conservalo é promover o uso gandeiro da serra, con vacas e cabalos en liberdade.



Os cabalos

O cabalo de monte galego é de pequeno tamaño, con moito pelo e amplos bigotes, o que lle permite pasar o duro inverno e protexerse ao alimentarse do toxo. Na actualidade é raza



recoñecida, o Cabalo de Pura Raza Galega, se ben na serra poden atoparse exemplares cruzados. É un dos grandes valores ecolóxicos dos nosos montes. Ademais de recurso turístico é presa habitual do lobo, presente en ocasións nos montes da Pobra.

“Sae voando ante todos e escapa con rápido carro polos aires (o cabalo) Lampón galaico e surca exultante grandes espazos e deixa nas súas costas os ventos”

Silio, militar romano, sec. I D. C.

Os parques eólicos

Producen enerxía renovable pero a súa localización debe ser seleccionada con coidado. Morcegos e aves adoitan chocar coas pas en movemento, polo que non deberían instalarse onde hai especies raras de morcegos ou paso de aves frecuente. O trazado de pistas supón atropelo de animais e pode afectar algunhas plantas ou cursos de auga. Por iso é necesario facer estudos previos do seu impacto.

OS PIÑEIRAIS SON BOSQUES EUROPEOS QUE PROSPERAN EN SOLOS POBRES

O regreso das árbores

Desde os anos 50 do séc. XX realizáronse plantacións de varias especies de coníferas, ibéricas ou introducidas.

O **piñeiro bravo** (*Pinus pinaster*) foi usado xa desde a Idade Media para fixar dunas. En Galicia plantouse como fonte de madeira e leña. Tradicionalmente os piñeirais eran limpados de maleza para facer



estrume (batume). Isto permitiu a continuidade dunha especie escasa ligada ás matogueiras abertas, a ***Succisa pinnatifida***, que só está presente en todo o mundo na Pobra, no sur de Pontevedra e nunhas poucas terras portuguesas litorais. É especie que non aguanta a competencia do mato alto. No pasado o gando axudaba a manter abertos eses montes. Outro factor negativo é a substitución dos piñeiros por eucaliptos, xa que os eucaliptos, con follas verticais deixan pasar bastante sol, que aproveitan carrouchas, toxos e fieitos para medrar.

A especie pódese observar en setembro nos piñeirais da praia dos Raposiños, sempre que estean limpos de toxo.



*Tamén pode verse ao longo das liñas de alta tensión, ao seren zonas que se limpan cada ano. Nos piñeirais da costa pódese observar unha especie mediterránea: a xesta mansa (*Osyris alba*), que dá uns froitos vermellos no outono.*

AS BRAÑAS CREADAS POLO SER HUMANO SON MEDIOS DIVERSOS EN ESPECIES

Braña é a denominación dos prados de sega tradicionais na Pobra. Estes medios son ricos en invertebrados e teñen flora de interese. Nos lugares húmidos a herba non se apañaba continuamente, senón que se esperaba a xuño. Isto permitía que se desenvolvese unha gran variedade de plantas. Outra forma de “replantar” era introducir o gando despois de cortar a

herba. As vacas comían herbas e con elas as sementes que eran dispersadas nos excrementos. Estes prados non precisaban fertilización. Ás veces regábanse, con canles onde abundaban os anfibios. Ao cesar o uso humano estes prados desaparecen e convértense en bosques novos cunhas poucas especies propias de áreas sombrías. A “braña” é un dos medios onde aínda podemos atopar orquídeas silvestres na Pobra, xunto cos matos abertos costeiros. Na actualidade quedan moi poucas brañas en uso e están ameazadas por recheos e trazado de estradas.



AS TURBEIRAS GARDAN RESTOS DE CLIMAS PASADOS

Nos montes de Lesón podemos atopar minúsculas áreas pantanosas, con presenza da **orballiña** (*Drosera rotundifolia*), unha pequena planta insectívora. Hoxe en día estas turbeiras están afectadas pola plantación de eucaliptos. Pola súa rareza e modo de vida esta plantiña podería ter un uso educativo.



OS BOSQUES RECONQUISTAN OS PRADOS E CAMBIAN AS ESPECIES PRESENTES

Cando as “brañas” ou prados de sega deixan de ter uso humano son colonizadas por bosques.

Nestes casos o salgueiro e o ameneiro son as árbores dominantes. Son bosques novos nos que escasean especies como o freixo, o bidueiro, a abeleira, e o olmo, que eran máis frecuentes no pasado.

Os bosques primitivos da Pobra desapareceron hai séculos pola acción do



ser humano e na actualidade aínda non puideron recuperar as especies que tiñan. Estes bosques de zonas baixas están alterados por recheos, canalizacións, instalación de naves industriais e pola colonización de especies exóticas invasoras.



No rego da Teixoeira, na Tomada, aínda se poden ver grandes abeleiras.

AS XUNQUEIRAS SON PUNTO DE ENCONTRO ENTRE DOUS MUNDOS

Nas xunqueiras únese o medio terrestre e o mariño. Hai poucas especies de plantas que poden tolerar as continuas variacións de salinidade e niveis de auga polas dúas mareas diarias e as enchentes dos ríos, pero as que están presentes prosperan moi ben. As principais son os xuncos marítimos, que medran sen case competencia, xunto con outras especies de herbáceas halófitas, amantes ou tolerantes co sal. Río arriba atopamos a **espadana** (*Typha latifolia*) propia de augas doces.



A tamargueira (*Tamarix gallica*) é un arbusto europeo adaptado a vivir na beiramar, ideal para plantar como sebe en zonas batidas polo vento



Plantas e limos reteñen materia orgánica e evitan que a contaminación se propague. As xunqueiras funcionan como depuradoras naturais, e tamén emiten materia orgánica que incrementa a produtividade do mar próximo.

Nestas zonas abríganse os peixes mariños cando son novos e son hábitat de pequenos moluscos e miñocas. O peixe máis facilmente observable é o **muxo** (*Chelon labrosus*). Na Pobra é posible a presenza de **espiñento** (*Gasterosteus aculeatus*), un pequeno peixe protexido en Galicia. Son tamén lugar de descanso e de invernada de especies migradoras e divagantes como garzas, garzotas e aves limícolas. No concello cría o



lavanco real (*Anas platyrhynchos*), bastante adaptable ao tránsito humano.

Moitas aves ven os humanos e os cans como potenciais predadores, polo que a existencia de lugares de refuxio como illas ou outras áreas inaccesibles favorece a súa supervivencia.

Os usos tradicionais da xunqueira consistían na extracción de cebo para a pesca e na apaña do xunco como cama para o gando. Esta corta de xunco era moi positiva, pois extraía material vexetal, atrasando a colmatación das áreas húmidas. Ademais permitía que existise unha maior diversidade de plantas, xa que os xuncos tenden a formar masas uniformes e monótonas. Hoxe na práctica é, infelizmente, un uso abandonado. Pola contra debido á proximidade ao núcleo urbano e ás estradas, a caza non está permitida, o que promove unha maior tranquilidade para as aves.



AS ÚLTIMAS CARBALLEIRAS SON LEMBRANZA DUN PASADO MOI DISTINTO

Durante a última glaciación A Pobra tiña as temperaturas medias moi baixas e o nivel do mar estaba ata 120 m máis baixo. A vexetación era de herbáceas e matogueiras, con bosques en lugares abrigados. Co cambio climático natural hai uns 8.000 anos o clima fíxose máis húmido e temperado, comezando unha rápida colonización por carballos e outras caducifolias. En

etapas de bonanza climática aparecerían as sobreiras de folla perenne. Pero o reinado do bosque foi efémero. Coa chegada de grupos humanos con hábitos pastorís, hai 5.000 anos, esta expansión do bosque foi combatida co lume e cortas.

As zonas baixas estarían cubertas por extensas carballeiras, con excelentes solos idóneos para se desenvolver posteriormente a agricultura. Co crecemento da poboación a través dos séculos e a demanda de leña e madeira para diferentes usos, chegaríamos ao século XVIII cunha mínima extensión forestal. No séc. XIX comezáronse a plantar piñeiros e no séc. XX os eucaliptos. As carballeiras que quedaron estaban sobre todo próximas ás aldeas, pois eran utilizadas para a obtención de leña. Na Pobra desapareceu case todo o bosque natural.

Na actualidade son de interese as carballeiras máis antigas. Canto máis antiga é unha árbore, máis buracos ten para servir de refuxio e máis casca grosa e madeira morta onde poidan vivir insectos. Canto máis vellas e grandes as árbores, máis animais poden vivir nelas.

Podemos observar restos de carballeiras na Silva e no litoral do Maño, preto da punta Oestreira.

Tamén atopamos carballos con algunha idade no curso medio do río Lárez.



AS CAMPIÑAS TRADICIONAIS SON MEDIOS DIVERSOS RICOS EN AVES

A pasaxe dos bosques primitivos ás zonas cultivadas produciuse de forma lenta na historia europea, o que permitiu que moitas especies se adaptasen. Ademais moitas árbores dos campos seguían sendo as mesmas do bosque natural. Desde hai 6.000 anos o ser humano ano plantou campos de cereais como o trigo e o centeo, que ofreceron refuxio e alimento e crearon ambientes similares aos das zonas continentais do Mediterráneo

e Asia. Moitas especies de aves seguiron ao *Homo sapiens* nesta viaxe. Por todo isto os medios rurais tradicionais con árbores en mosaico son medios ricos en especies, pois alí conviven especies de bosque, de praderías e de áreas cultivadas.



Unha das aves máis características destas zonas é a **rula** (*Streptopelia turtur*), hoxe en día en estado de conservación desfavorable, debido probablemente a unha agricultura moi intensiva e á falta de zonas de cultivo. Un bo número de plantas presentes nas campiñas foron aproveitadas para usos medicinais, como o **bieiteiro** (*Sambucus nigra*).




UNHAS VECIÑAS VIAXEIRAS QUE LIMPAN A POBRA DE MOSQUITOS

Para algunhas especies a convivencia co ser humano ten vantaxes: hai construcións que serven de abrigo e lugar de nidificación e ademais pode existir alimento próximo.

Tamén acostuma a haber menos predadores, salvo gatos e cans, que poden ser abundantes pero menos hábiles que martas ou falcóns.

Desde tempo inmemorial as anduriñas buscaron acubillo nos alboios, desde onde procuran o seu alimento preferido: insectos collidos ao voo.

As dúas especies de anduriñas da vila (anduriña común e anduriña de cu branco) marchan a África





todos os anos no mes de setembro para pasar o inverno máis alá do Sáhara.

A nosa vila é un dos lugares con maior poboación urbana destas aves en Galicia e deberíamos ter orgullo deste símbolo de vida, que nos acompaña desde hai séculos.

NAS DUNAS HAI GRAN VARIEDADE DE PEQUENAS PLANTAS, ALGUNHAS ESCASAS

As dunas son medios diferentes: secos, batidos polo vento e o sal e inestables. As plantas que alí viven son de pequeno tamaño e teñen diversas adaptacións como follas duras, espiñas, cores claras para reflectiren as radiacións ou bulbos que almacenan auga e nutrientes.

Outras só florecen e están activas nas épocas propicias. Nas dunas da Corna atopamos algunha especie escasa, por exemplo a **herba da rabia** (*Alyssum gallaecicum*), que no mundo só se coñece nunhas poucas praias da Coruña.



Estas dunas son as mellor conservadas do norte da ría de

Arousa, aínda que no pasado sufriron destrución por extracción de area. Unha ameaza presente é a difusión de especies exóticas, como a **herba do coitelo** (*Carpobrotus sp.*), que se adoita usar como ornamental e que cando ocupa zonas dunares desaloxa a flora nativa.

Neste areal cría en ocasións a **píllara das dunas** (*Charadrius alexandrinus*), especie da que quedan menos de 100 parellas en Galicia. O uso do areal polas persoas e os cans soltos

dificulta o alimento dos poliños nos meses da primavera. Con colaboración entre todos podemos axudar a que sigan criando na Pobra, engadindo valor natural aos nosos areas.



Algunhas especies rechamantes de insectos aliméntanse nos campos arredor da zona dunar, como a **bolboreta macaón** ou o **grilo toupeira**, tamén chamado **ralo** (*Gryllotalpa gryllotalpa*).

A **camariña**, arbusto que dá nome á nosa vila, debeu de estar presente nas nosas zonas dunares, pero hoxe está extinta na Pobra.

O Dr. José Quer na súa Flora Española (1762-1784) di que “se nombra El Caramiñal por la excesiva abundancia deste arbusto, que se criaba en su arenosa playa, y aunque al presente no se halla en tanta cantidad, sin embargo, no dejan de verse algunas matas”



OS CAMPOS DEBAIXO DO MAR DAN OS SEUS FROITOS

A beiramar da Pobra é produtiva debido ás augas frescas e por tanto osixenadas, á insolación boa parte do ano e ás superficies areosas ideais para o desenvolvemento dos moluscos, que poden enterrarse facilmente na area para alimentarse, esconderse ou pasar etapas desfavorables. A riqueza proporcionada polo marisqueo desde embarcación ou a pé depende dun medio natural ben conservado.



Ameixa fina




Berberecho



Reloxo

A presenza de plantas, peixes, moluscos, equinodermos, crustáceos, e outros invertebrados que imos atopar na ría dependen de varios factores: o tipo de fondo (areoso, rochoso), a exposición ás ondas, a influencia dos ríos e o tempo que a zona pasa somerxida polas mareas ao longo do ano. Estes pequenos seres que habitan entre a rocha, a area e as algas son a base da dieta de aves e de outros predadores.



Supralitoral

Zona fóra da influencia das mareas pero sometida ás pingas de auga que arrastran os ventos. Aquí atopamos plantas como o **pirixel do mar** (*Crithmum maritimum*) ou a **herba de namorar** (*Armeria maritima*)

Mesolitoral

Zona habitual entre mareas. Á parte de crustáceos como o **cangrexo común** (*Carcinus maenas*) encontramos algas como o **verdello** (*Ulva rigida*). Alí onde hai materia orgánica, quer natural quer de orixe humana aparece unha especie similar, a **leituga de mar** (*Ulva lactuca*).


Infralitoral

Permanece somerxido case sempre, só quedando algo máis descuberto nas mareas máis baixas do ano. Nesta zona atopamos bosques submarinos de algas pardas (golfes e corres) e unha numerosa fauna de peixes, crustáceos e moluscos.

Nas costas da Pobra pode verse eventualmente a **lontra** (*Lutra lutra*), un mamífero frecuente nos ríos de Galicia

OS BOSQUES DE ALGAS PARDAS SON REFUXIO DE ESPECIES MARIÑAS

Os bosques de algas pardas (xéneros *Laminaria*, *Saccorhiza* e outros) aparecen sobre todo en áreas rochosas de zonas medianamente expostas ás ondas, na zona inferior case sempre cuberta polas mareas. Podemos atopar exemplos na punta da Corna e en varias zonas rochosas da costa do Maño.



Nas últimas décadas moitas zonas da ría foron cubertas por unha alga invasora, o argazo xaponés (*Sargassum muticum*), que compite coas propias do noso mar e cambia as condicións ao non deixar pasar a luz ao fondo.

ATA AS NOSAS AUGAS ACHÉGANSE VARIAS ESPECIES DE AVES NO INVERNO

O **corvo mariño grande** non cría en Galicia. Aliméntase de peixes como moitos outros animais que aproveitan os recursos da ría. É común velos secando as alas en pousadoiros.



O **carolo** ou **bolaquento** (*Alca torda*), da familia dos araos, pode verse en inverno desde a costa. Aparece en ocasións infelizmente morto nas praias, tras ficar atrapado nos trasmallos, acabando así unha longa viaxe desde as Illas Británicas, onde cría.



Unha mostra do mar

Un lugar interesante e accesible para a observación da nosa fauna mariña son as lonxas e peixerías.

No sitio web <https://deondesenon.xunta.gal> pode atoparse información básica sobre peixes, mariscos e outros produtos do mar.

Ás praias chega gran cantidade de material, tanto natural como artificial. A contaminación por plásticos e todo tipo de restos producidos polos humanos é un problema importante ao que ata agora non se lle prestou atención suficiente.

Algunhas asociacións galegas, como www.mardefabula.org, intentan concienciar sobre o problema do lixo mariño.



AS BATEAS FONTE DE RIQUEZA E LUGAR DE ABRIGO

Na Pobra son abundantes as bateas, que á parte do seu interese económico serven como refuxio a especies de peixes e aves, a xeito de arrecifes flotantes. Convén non esquecer que o seu exceso pode prexudicar a ría, xa que

a materia orgánica que existe converte os fondos areosos en lamacentos.

Faneca: viven en bandos entre os 30 e 100 m de profundidade



Os romanos de Lugo e Astorga compraban xa marisco e peixe na costa galega, pero daquela os tamaños destes animais eran bastante grandes. Sabémolo polos “cuncheiros” (zonas con resto de cunchas e espiñas. Certamente naquel tempo o mar non estaba tan sobreexplotado.

AS POZAS ROCHOSAS SON LUGARES IDEAIS PARA DESCUBRIR A NATUREZA

Na pociñas do intermareal hai pequenos escondedoiros, algas, crustáceos e moluscos que viven pegados, algas diversas (calcarias, verdes, pardas e vermellas) e pequenos peixes... son oasis en miniatura!

Observar toda esta diversidade é un pasatempo excelente, sobre todo para os nenos. Vale a pena respectar a vida de todos estes seres, para que máis persoas e tamén nós podamos gozar deles.



UN RICO LITORAL ONDE PASEAN OS ARROACES

NNas augas da ría escóndese un mundo habitado por moi variados peixes: planos, como a **solla**, cilíndricos como os **congrós** ou finos como a **xarda**. A **maragota** (*Labrus bergylta*) é unha especie sorprendente que aparece en dúas formas, a de pinto e a maragota propiamente dita, e que, ademais, cambia de sexo ao longo da súa vida, pois é primeiro femia e despois macho.

Con frecuencia poden observarse **arroaces** (*Tursiops truncatus*) desprazándose pola ría. A costa atlántica galega é unha importante localidade en España para esta intelixente especie. Antes de haber radares os mariñeiros seguían estes cetáceos para detectar bancos de peixes, pois dentro da súa alimentación están os lirios, a pescada, os xurelos e as sardiñas.



As **luras** (*Loligo vulgaris*) entran na primavera e no verán nas rías e son moi apreciadas na nosa gastronomía.



O **carrán cristado** (*Sterna sandvicensis*) pódese ver na Pobra descansando ou facendo picados para pescar pequenos peixes. Non cría en Galicia; os que vemos no inverno veñen sobre todo das Illas Británicas.



UNS VALORES POR DESCUBRIR

Intentamos dar uns pinceladas da nosa natureza, pero o noso campo e mar gardan aínda segredos por descubrir. Que especies de libélulas existen no noso concello? E de morcegos? Cantas especies de bolboretas hai? Son comúns os cabaliños do mar? Uníndote a asociacións que protexen e estudan a natureza podes coñecer máis esta riqueza viva do teu concello e promover a súa conservación.

PARA SABER MÁIS E BIBLIOGRAFÍA

AA.VV (1981). Mapa geolóxico de España. Puebla de Caramiñal. Segunda serie. Primeira edición. Ministerio de Industria y Energía [Consultado en: www.info.igme.es o 5.12.2019]

AA.VV (2018). Las montañas de O Courel. Una xeografía muy humana. Asociación Montañas do Courel.

Asensi, M. (coord). (2011). Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia. SGHN.

Campbell, A. C. (2009). Guía de campo de la flora y fauna de las costas de España y Europa. Ed. Omega.

Casado, S. e Montes, C. (1995). Guía de los lagos y humedales de España. Ed. J. M. Reyero

Chinnery, M. (2005). Guía de campo de los insectos de España y de Europa. Ed. Omega.

Conde, M. e Lijó, G (2009). Guía básica das árbores da Rede Natura 2000 en Riveira. Concello de Ribeira.

Costa, M. (2005). Los bosques ibéricos. Una interpretación geobotánica. 4ª ed. Revisada. Ed. Planeta.

De Juana, E. (2016). Aves de España. Ed. Lynx.

Gómez Álvarez, G. (2013). Guía de las Conchas Marinas de Huelva. Diputación de Huelva. Servicio de Publicaciones.

González, C, García, O. e Míguez, L. (1998). Algas mariñas de Galicia. Ed. Xerais

López González G (2007). Guía de los árboles y arbustos de la Península Ibérica y Baleares Ed. Mundi Prensa.

Martínez, A. e Pérez, A. (1999). Atlas Climático de Galicia. Xunta de Galicia.

Míguez, L. M e García, O (1996). Guía ecolóxica do litoral galego. Ed. Xerais.

Mouriño, J, Otero, X.L., Salvadores et al (2004). Os espazos naturais de Galicia. Ed. Nigratreia.

Pulgar, I (2004). Guía da flora do parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. Xunta de Galicia.

Purroy F. (2016). Mamíferos de España. Ed. Lynx.

Ramonell, R. (1985). Guía dos Mariscos de Galicia. E. Galaxia

Rodríguez, M, Devesa, S. e Soutullo, L. (1983). Guía dos peixes de Galicia. Ed. Galaxia.

Sahuquillo, E. (2008). Guía de las orquídeas. Complejo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. Xunta de Galicia

Sanmartín, L. A e Lago, H. (1998). Guía da flora do litoral galego. Ed. Xerais.

Páxinas web:

www.cmatv.xunta.gal

www.gciencia.com

www.campogalego.com

www.anthos.es

www.sghn.org



Deputación
DA CORUÑA

www.dacoruna.gal